



CONCRECIÓN CURRICULAR 2023-2024

Aprobada polo claustro na sesión
celebrada o 15 de marzo de 2024

ÍNDICE

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	2
b) Contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e os recursos didácticos	5
f) Os criterios de oferta educativa, agrupamentos en ámbitos, itinerarios e optatividade, de ser o caso	6
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	8
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo para o alumnado que acade a promoción con materias ou ámbitos pendentes de cursos anteriores	9
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso	11
j) Os criterios xerais para a avaliación, a promoción e a titulación	12
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso ...	20
l) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e a avaliación das programacións didácticas	20
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas .	24
n) O procedemento para a revisión, a avaliación e a modificación da concreción curricular	24

A) A ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO.

Segundo o PEC, “Partimos da idea de que o Instituto “Gregorio Fernández” é un **centro integral** que tenta ofrecer unha educación que satisfaga as preocupacións, intereses e necesidades de todo o alumnado. Deste xeito, o noso Instituto procurará cumprir os seguintes obxectivos:

1. Conseguir que o Centro sexa un verdadeiro lugar de convivencia democrática.
2. Coidar con esmero da formación integral dos alumnos.
3. Ofrecer unha óptima preparación intelectual para todos e cada un dos alumnos.
4. Implicar aos distintos sectores da comunidade educativa no funcionamento do Centro e na educación do alumnado.
5. Potenciar o emprego da Lingua Galega como medio de comunicación habitual tanto nas materias académicas como nas actividades extraescolares e complementarias
6. Manter a oferta educativa o máis ampla posible para garantir ao máximo a igualdade de oportunidades do alumnado e, ao mesmo tempo, ofertar ciclos formativos que potencien a conexión óptima coa realidade laboral.
7. Fomentar a participación en calquera programa que poida beneficiar a comunidade educativa.
8. Potenciar actividades culturais complementarias e extraescolares.
9. Conseguir que as instalacións se axeiten ás necesidades educativas.
10. Asegurar a difusión da información aos distintos sectores da comunidade educativa.
11. Manter relacións coas empresas do contorno para adaptar os estudos ás esixencias do mercado de traballo.
12. Fomentar a lectura e a escritura.
13. Velar polo respecto das diferentes crenzas relixiosas, ideolóxicas e culturais, por facer efectiva a igualdade de oportunidades entre os sexos e polo rexeitamento a todo tipo de discriminación.”

B) A CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Consonte o artigo 17, punto 4, do Decreto 156/2022 do 15 de setembro, *A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave.*

Neste senso, o noso centro conta cun proxecto lector posto en marcha no curso 2008/2009.

Entre os obxectivos relativos ao **fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector do centro** para o curso 2023-2024 sinalaremos os seguintes:

- Dende a biblioteca, colaborarase na articulación das actuacións do profesorado destinadas á consecución dos obxectivos pedagóxicos referidos á adquisición da competencia lingüística e das habilidades no uso da información, así como á adquisición e consolidación do hábito da lectura.
- Seguir elaborando a CDU en todas as seccións da biblioteca para facer mais sinxelo o acceso aos fondos. Conseguir finalizala este curso sería un gran obxectivo que dependerá do número de profesores implicados e da intensidade con que se traballe.
- Facer a actividade de “*Bibliotour*” para o novo alumnado no centro.
- Continuar coa “*Hora de ler*” en toda a ESO e en FP Básica cun modelo de distribución similar ao do curso pasado.
- Tentar que se acheguen ao recuncho de lectura informal das revistas de actualidade elixidas polos propios usuarios. Este punto podería ser novamente un referente para os que se definen como *nonlectores*, pero que acoden con asiduidade a consultar o último número de revistas especializadas en temas de motor, música, fútbol, natureza, etc.
- Fomento da paixón lectora mediante a actualización da colección, os concursos e posibles encontros con escritores e/ou ilustradores.
- Mantemento e actualización do blog da biblioteca e referente de extensión cultural para toda a comunidade escolar do IES “Gregorio Fernández” e da vila de Sarria.
- Mantemento e actualización da conta de Instagram propia da biblioteca para que os usuarios a sigan e estean ao día das novidades e actividades da biblioteca.
- Desenvolvemento e seguimento do proxecto lector dende os distintos departamentos. Todas estas actividades recibirán o apoio necesario dende a biblioteca.

Así mesmo, o departamento de orientación ten, entre outros, os seguintes obxectivos que permitirán o desenvolvemento destas competencias:

- Detectar de forma temperá as necesidades educativas do alumnado e participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa vixente.
- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade de carácter organizativo e curricular.

- Ofrecer ao alumnado orientación, apoio e asesoramento para que adquiran as habilidades e estratexias necesarias para enfrontarse con éxito aos momentos escolares máis críticos e decisivos: ingreso no centro, elección de optativas e itinerarios formativos e a resolución de conflitos persoais e interpersoais.
- Adecuar as medidas de atención á diversidade ás necesidades do alumnado.
- Fomentar a aprendizaxe e consolidación de habilidades sociais que permitan ó alumnado ter unha relación fluída e satisfactoria co entorno.
- Previr dificultades de aprendizaxe e favorecer o desenvolvemento de técnicas e hábitos de estudo necesarios para un adecuado proceso educativo.

C) OS CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

O artigo 18, punto 1, do devandito decreto, expón que *Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.*

Alén disto, na disposición adicional segunda, en concreto no punto 3, expónse que a **materia de Proxecto competencial** diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade. En todo caso, as actividades propostas nesta materia irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdiscipliniedade e a conexión entre os diferentes saberes.

A través desta materia preténdese debuxar un percorrido ao longo dos catro cursos da ESO no que o alumnado se achegue á disciplina xornalística (nomeadamente no eido escrito, aínda que tamén na súa vertente audiovisual). Búscase un reforzo das súas capacidades de comprensión lectora e expresión escrita e oral. Alén disto, tamén se persegue a implicación do alumnado nas dinámicas do seu propio territorio, así como un primeiro achegamento á súa capacidade investigadora. É obxectivo da materia a loita contra a falta de criterio do alumno/a no acceso á información de calidade e a mellora da autonomía na realización de tarefas, o traballo colaborativo e a visión crítica fronte á súa realidade máis inmediata.

D) OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA.

No PEC, concretamente no punto 2, establece que “No proceso de ensino-aprendizaxe xogan un papel importante tanto os criterios metodolóxicos, que guían a intervención educativa, como as medidas organizativas e estruturais que permiten a utilización adecuada dos recursos.

As liñas metodolóxicas que deben orientar a intervención educativa pódense sintetizar e concretar da seguinte forma:

- a) Partirase do nivel de desenvolvemento do alumnado, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o seu rendemento.
- b) A metodoloxía adaptárase ás características de cada alumno e alumna, atendendo á súa diversidade, favorecerá a capacidade do alumnado para aprender por si mesmos e para traballar en equipo, e atenderá aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- c) A organización docente deberá atender as necesidades, aptitudes e intereses dos alumnos segundo se vaian detectando no proceso de ensino-aprendizaxe.
- d) Potenciarase o traballo en grupo para que o alumnado se adapte ao traballo colaborativo, sen desprezar, por iso, o traballo persoal e individualizado.
- e) Darase prioridade á comprensión dos contidos fronte á aprendizaxe puramente mecánica ou memorística.
- f) Propiciaranse as oportunidades para que o alumnado poida poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que poidan comprobar a utilidade do que aprenderon, e saiban aplicalo noutros contextos na súa vida cotiá.
- g) A actividade educativa procurará dar unha formación personalizada, fomentarse a participación do alumnado e asegurará unha efectiva igualdade entre o alumnado.
- h) Fomentarse, de acordo coas competencias básicas, a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu; deste xeito, o alumnado analizará o seu progreso respecto dos seus coñecementos.”

E) OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Á hora de organizar os materiais e os recursos, estes son os criterios a ter en conta:

- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.

- Secuenciación progresiva dos contidos cunha adecuada correspondencia ao nivel educativo.
- Adecuación aos criterios de avaliación e ao contexto educativo do centro.
- Variedade de actividades, de diferente tipoloxía, para atender ás diferenzas individuais.
- Claridade na exposición e riqueza gráfica.
- Outros recursos que poidan facilitar a actividade educativa (material complementario en distintos soportes: documentos fotocopiados, audiovisuais, CD-ROM con recursos didácticos).

F) OS CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE, DE SER O CASO

Tomando como referencia o Proxecto educativo e a Memoria anual do curso anterior, o centro propón conseguir no curso académico 2023/2024 unha maior oferta formativa, máis recursos e unha mellora nos resultados académicos do alumnado.

As medidas que se van desenvolver para a consecución dos obxectivos propostos e recursos previstos para o efecto :

- ✓ O alumnado que non teña un suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
- ✓ Agrupamentos específicos en 1º de ESO.
- ✓ Desdoblamento en algunha materia nos grupos de 4º de ESO (Matemáticas Académicas e Aplicadas).
- ✓ Participar no proxecto de éxito escolar PROA+
- ✓ Seguir apoiando as actividades da biblioteca.
- ✓ Distribuír as aulas de todo alumnado de BAC na mesma zona do 1º andar do edificio 100 e o de FPBásica en outra, facilitando a convivencia.
- ✓ Aumentar o equipamento didáctico no centro, así como, mellorar as instalacións.
- ✓ Potenciar as Actividades dos Departamentos e do centro. Os Departamentos nos seus Proxectos Didácticos expoñen os obxectivos específicos, recursos e métodos, das súas respectivas materias.
- ✓ Aumentar a oferta formativa coa implantación do Ciclo Medio de Cociña e gastronomía e o Superior, modular, de Asistencia á dirección

No I.E.S. " Gregorio Fernández" de Sarria, no curso 2023-2024, imos impartir a Educación de Adultos (ESA), Ciclos de Grao Medio (LOE) de Mecanizado, Mantemento electromecánico e de Xestión Administrativa e Ciclos de Grao Superior (LOE) de Administración e finanzas, Mecatrónica industrial e de Sistemas de Telecomunicacións e informáticos.

Ademáis, de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO, tamén os Bacharelatos de Ciencias e o de Humanidades e Ciencias Sociais.

Tamén se impartirá a FP BÁSICA con catro grupos, 1º e 2º de Fabricación e Montaxe e de Servizos Administrativos.

O centro, tamén, acolle a Sección da Escola Oficial de Idiomas de Lugo.

A relación dos cursos que se impartirán é a seguinte:

- Familia de Administración:

Ciclo Formativo de grao superior de Administración e finanzas (LOE)

Ciclo Formativo de grao medio de Xestión administrativa (LOE)

- Familia de Fabricación Mecánica:

Ciclo Formativo de grao medio de Mecanizado (LOE)

- Familia de Mantemento e Servizos á Producción

Ciclo Formativo de grao superior de Mecatrónica Industrial (LOE)

Ciclo Formativo de grao medio de Mantemento electromecánico (LOE)

1. Familia de Electricidade e Electrónica.

Ciclo Formativo de grao superior de Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos, en oferta modular (LOE), para adultos (todos os módulos)

- Formación Profesional Básica LOMLOE : (1º e 2º curso)

Fabricación e Montaxe

Servizos Administrativos

- Bacharelato de Ciencias LOMLOE: (1º e 2º)

-Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais LOMLOE:(1º- 2º)

- Ensinanzas de adultos:

Niveis I e II de ESA

- Ensinanza secundaria obrigatoria LOMLOE

1º de ESO

1º de ESO AGF

2º de ESO A

3º de ESO A

4º de ESO

Materias de Libre Disposición do centro e de Reforzo en ESO e Bacharelato (LOMLOE),

1 . Na ESO,

✓ **1º ESO AGF:** Reforzo de Lingua Castelá e Reforzo en Matemáticas.

✓ **1º ESO exentos de francés:** Reforzo en Lingua Castela

✓ **2º ESO exentos de Francés:** Reforzo en Lingua Galega

✓ **1º ESO Libre Disposición:** 1h de matemáticas e 1h de Lingua Castelá.

✓ **2º ESO Libre Disposición:** 1 h de matemáticas e 1h de Lingua Galega

2 . En Bacharelato,

✓ **1º BAC:** Reforzo en Lingua Castelá.

✓ **2º BAC:** Reforzo de Lingua Galega.

G) OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

No punto 2.6 das NOF exponse que:

2.6.1 O profesorado que organice unha actividade complementaria ou extraescolar deberá comunicalo coa máxima antelación posible á dirección do Centro, aportando as listaxes do profesorado e alumnado participante.

2.6.2 A dirección, coa axuda do profesorado organizador da actividade, dará a coñecer ao profesorado afectado no seu horario a data da actividade e o alumnado implicado na mesma.

2.6.3 Procurarase, salvo excepcións debidamente argumentadas, non facer actividades extraescolares e complementarias nos meses de maio e xuño ou preto das avaliacións, que supoñan a perda dun número excesivo de horas lectivas. E, concretamente, as viaxes didácticas de duración superior a un día lectivo, non se autorizarán a partir do 1 de maio, para o alumnado de 2º de bacharelato, e a partir do 15 de maio para o resto dos cursos.

2.6.4 Na realización de actividades complementarias o profesorado que teña clase co alumnado implicado nas mesmas asistirán con eles á actividade e velarán para que o comportamento dos seus alumnos sexa o axeitado á actividade en cuestión.

2.6.5 Queda a criterio do profesorado que organice as actividades a selección dos grupos que participarán nas mesmas, salvo no caso de alumnado sancionado a non participar nelas.

2.6.5.1 O alumnado que teña un número de faltas superior ao 10% do total do curso, quedará excluído das actividades que supoñan saídas do centro (excursións, visitas de estudo, etc), agás por motivos xustificadas de saúde.

2.6.6 Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra do centro, o alumnado será acompañado polo profesorado correspondente, na proporción dun profesor por cada vinte alumnos, como indica o decreto 324/1996 no seu artigo 67

H) OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES, DE SER O CASO

O artigo 7.7. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia establece que: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso».

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que alude ao Plan de reforzo para as alumnas e alumnos que pasen de curso con materias sen superar:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios.

O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar. A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, que serán distintas ás empregadas habitualmente co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento máis ríxidos para que a alumna/o siga implicada/o na materia.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento: computadores portátiles, impresoras, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Así mesmo, empregaranse outros medios dixitais como a aula virtual, ABALAR e/ou Edixgal.

f) Tarefas para desenvolver, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso en que se ache actualmente para seren corrixidas e, ao mesmo tempo, para poder consultar e resolver dúbidas.

g) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumnado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións virtuais ou presenciais de periodicidade mensual na hora de atención ao alumnado e ás familias. Poderanse utilizar medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).

h) Acreditación da información á familia. Farase mediante un modelo existente no centro en que conste toda a información a respecto da avaliación e dos resultados do alumno que, unha vez asinado pola nai, pai ou titores legais, será remitido ao departamento.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do Plan de reforzo e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para a avaliación deste alumnado débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes deberá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Aquelas actividades que non sexan susceptibles da súa repetición (presentacións, traballos colectivos etc.) serán adaptadas e avaliadas de modo que se poida comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados.

Segundo a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, "O seguimento do plan de reforzo e avaliación das materias ou ámbitos pendentes realizarase en cada sesión de avaliación parcial e na sesión de avaliación final. Para estes efectos, programaranse actividades e/ou probas de avaliación ao longo do curso para verificar a superación desas materias ou ámbitos".

I) OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO, DE SER O CASO

Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Segundo isto:

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico

personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:
 - a) Identificación da alumna ou do alumno.
 - b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
 - c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
 - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 - e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
 - f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
 - g) Acreditación da información á familia.
3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

J) OS CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, E DE SER O CASO, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN.

Segundo a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, teranse en conta os seguintes artigos para a avaliación, promoción e titulación tanto na ESO coma en BAC:

ESO

AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN

Artigo 21. **Avaliación**

1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.

2. A avaliación na educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora:

a) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.

b) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada alumna e alumno.

c) Integradora: o profesorado debe ter en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice, de xeito diferenciado, a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos seus currículos.

3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria, tendo en conta o regulado nos artigos 28 e 29.

4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detecta que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

Artigo 28. **Promoción**

1. O equipo docente decidirá sobre a promoción de cada alumna ou alumno na avaliación final de cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación.

No caso dos programas de diversificación curricular, a decisión sobre a permanencia neles un ano máis adoptarase exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

2. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que supere as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Para os efectos deste cómputo, as materias agrupadas nun ámbito non superado contaránse de xeito independente.

3. Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

4. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación, nas condicións reguladas no artigo 7.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.

A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades

detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Para a elaboración e o seguimento do dito plan específico personalizado seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021.

6. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.

De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

7. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

Artigo 29. Titulación

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1 do Decreto 156/2022, do 15 de xuño, e tendo en conta os criterios de titulación.
2. O alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria . Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.

c) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

3. O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirse sen cualificación.
4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.
5. A superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo formativo de grao básico conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

BACHARELATO

Avaliación, promoción e titulación

Artigo 24. Avaliación

1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.

2. A avaliación no bacharelato será continua, formativa e diferenciada segundo as distintas materias:

a) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.

b) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo ás características persoais de cada alumna e alumno.

c) Diferenciada segundo as distintas materias: xa que o profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos da materia.

3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias

clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.

4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

Artigo 30. **Promoción**

1. As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción do primeiro ao segundo curso de bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para estes efectos, só se computarán as materias en que estea matriculada a alumna ou o alumno.

2. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso, nas condicións reguladas no artigo 11.

3. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade. Neste caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno superase previamente.

4. O alumnado que ao termo do segundo curso tivese avaliación negativa nunha ou máis materias poderá:

a) Matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas. Neste caso poderá solicitarlle á dirección do centro educativo a asistencia ás clases das materias xa superadas de segundo curso, quedando unicamente exento da súa avaliación e debendo cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo.

b) Repetir o curso completo. Neste caso non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno superase previamente.

Artigo 31. Titulación

1. Será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato para a obtención do título de bacharel.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir que unha alumna ou un alumno obteña o título de bacharel cando supere todas as materias agás unha, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade ou vía pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Para os efectos deste cálculo, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

2. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade, de vía ou de materias, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se3. Nas actas de avaliación final ordinaria ou extraordinaria de segundo curso, no expediente académico e no historial académico farase constar ademais unha media normalizada, calculada sen ter en conta a cualificación das ensinanzas de relixión, co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado para os efectos de acceso a outros estudos, a obtención da mención de matrícula de honra e as convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ao estudo remata.

Artigo 32. **Titulación desde outras ensinanzas**

1. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en formación profesional poderá obter o título de bacharel na modalidade xeral mediante a superación das materias comúns.
2. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en Artes Plásticas e Deseño, e o alumnado que superara as ensinanzas profesionais de música ou de danza, poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes mediante a superación das materias comúns.
3. A nota que figurará no título de bacharel deste alumnado deducirase da seguinte ponderación:
 - a) O 60 % da media das cualificacións obtidas nas materias comúns do bacharelato.
 - b) O 40 % da nota media obtida nas ensinanzas mediante as que se accede á obtención do título, calculada conforme o establecido na súa normativa de ordenación correspondente.

AVALIACIÓN DA FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

O día 1 de novembro de 2020, reuníronse os membros que forman a Comisión Pedagóxica deste centro, para tratar a regulación de determinados aspectos relacionados coa avaliación, promoción e titulación na Formación Profesional Básica.

Feitas as valoracións a Comisión decidiu:

- A cualificación dos módulos profesionais de Comunicación e sociedade I e II estará en función das sesións das tres unidades formativas que o conforman; sempre que se aproben, ou excepcionalmente cunha unidade formativa suspensa con cualificación superior a 3 puntos.

Comunicación e sociedade I: 40% Linguas, 30 % Inglés e 30% Sociedade.

Comunicación e sociedade II: 50% Linguas, 25 % Inglés e 25% Sociedade.

- O alumnado de 2º curso de FP básica poderá acceder á realización do módulo de Formación en centros de traballo co módulo de Comunicación e sociedade I-II ou Ciencias aplicadas I-II suspenso, sempre que acade unha cualificación superior a 3,5 puntos.

Todos estes aspectos foron ratificados e aprobados polos membros da Comisión

de Coordinación Pedagógica do centro, na sesión celebrada o día 1 de decembro de 2020.

K) OS CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA, DE SER O CASO

CRITERIOS PARA ACADAR A MATRÍCULA DE HONRA:

Segundo a Orde do 26 de maio de 2023 (pola que se desenvolve o Decreto 156 e 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, respectivamente, na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nestas etapas educativas) e a Orde do 12 de xullo de 2011 (pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial) tanto para ESO como BAC ou ciclos de FP, o alumnado debe acadar unha nota igual ou superior a nove puntos en 4º de ESO (para ESO), en 2º curso de Bacharelato (para BAC) e na cualificación final do ciclo formativo (para ciclos formativos de FP).

En caso de **empate**, estes son os acordos acadados pola CCP, celebrada o 14 de marzo de 2022:

- na ESO: media aritmética máis alta na etapa.
- En BAC: media aritmética máis alta en 1º BAC
- Nos ciclos formativos de FP: media aritmética do ciclo e, en caso de empate, por sorteo.

L) AS DECISIONS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

ESO / BACHARELATO

Segundo o artigo 13 da ORDE do 26 de maio de 2023 (pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa) e o artigo 16 da ORDE do 26 de maio de 2023 (pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación mesa etapa educativa):

1. A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento didáctico.

2. A programación didáctica de cada materia ou ámbito elaborárase por nivel educativo e será a mesma para todos os grupos do nivel.
3. O profesorado, baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos, terá en conta para o deseño e a modificación das programacións didácticas os seguintes aspectos:
 - a) O disposto no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, e na normativa que o desenvolve.
 - b) O disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.
 - c) O dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva.
 - d) As decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular do centro.
 - e) A información recollida no seguimento da programación e na memoria final do curso anterior.
4. A programación didáctica da ESO incluírá, como mínimo, os aspectos recollidos no artigo 16 do Decreto 156/2022 do 15 de setembro; mentres que a de Bac. basearase no artigo 17 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.
5. O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto ao planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora.

Esta información será valorada e analizada polo departamento didáctico cunha frecuencia mínima mensual deixando constancia nas correspondentes actas de reunión.
6. Os centros docentes sostidos con fondos públicos **utilizarán a aplicación informática de programacións** que pon á disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e o seguimento das programacións didácticas. Esta aplicación informática tamén se utilizará para a súa supervisión por parte das xefaturas de departamento, dos equipos directivos e da Inspección educativa.
7. Os centros docentes farán públicas as programacións didácticas co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Así mesmo, nos primeiros días de actividade lectiva de cada curso académico o profesorado, coordinado pola xefatura do departamento didáctico ou polas persoas responsables nos centros privados, conforme o procedemento establecido no centro, informará sobre os aspectos da programación didáctica o alumnado e, de ser o caso, as nais, os pais ou as

persoas titoras legais.

Así mesmo, informarase dos criterios de promoción e/ou titulación, regulados nos artigos 28 e 29, respectivamente, do Decreto 156 (referido á ESO) e no 30 e 31, respectivamente, do Decreto 157 (no que se alude ao Bac), establecidos na concreción curricular do centro.

Para a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, os artigos 33 e 35 das devanditas Ordes que conteñen o currículo de ESO e BAC expoñen que:

1. A avaliación do proceso de ensino e da propia práctica docente ten como fin analizar e valorar a intervención educativa que ten lugar nas aulas para adaptala progresivamente ás características e necesidades do alumnado.

2. Nas programacións didácticas estableceranse indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente que versarán, como mínimo, sobre os seguintes aspectos:

a) A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.

b) A metodoloxía empregada.

c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.

d) As medidas de atención á diversidade.

e) O clima de traballo na aula.

f) A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.

3. Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente teranse en conta para realizar o seguimento das programacións didácticas.

FP

Segundo o artigo 23 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial:

1. Os centros educativos desenvolverán o currículo das ensinanzas de formación profesional mediante a elaboración das correspondentes programacións para cada módulo profesional, de conformidade co establecido no artigo 34 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, considerando, tanto no proceso de elaboración coma no seu desenvolvemento, o establecido nos artigos 33, 34, 48, 49 e 62 do mencionado decreto.

2. A programación de cada módulo, agás a do módulo de formación en centros de traballo e a do módulo de proxecto dos ciclos formativos de grao superior, organizarase en unidades didácticas e axustarase ao modelo establecido no anexo XIII desta orde, e deberá concretar os seguintes aspectos:

- Identificación da programación.
- Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.
- Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.
- Por cada unidade didáctica:
 - a) Identificación da unidade didáctica.
 - b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se trata.
 - c) Obxectivos específicos da unidade didáctica, en relación coas actividades de ensino e aprendizaxe.
 - d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado, en relación cos instrumentos de avaliación, os mínimos exixibles e o peso da cualificación.
 - e) Contidos.
 - f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación.
- Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.
- Procedemento para a recuperación das partes non superadas.
 - a) Procedemento para definir as actividades de recuperación.
 - b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.
- Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.
- Medidas de atención á diversidade.
 - a) Procedemento para a realización da avaliación inicial.
 - b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.
- Aspectos transversais.
 - a) Programación da educación en valores.
 - b) Actividades complementarias e extraescolares.

3. As xefaturas de departamento responsabilizaranse da redacción das programacións, que serán elaboradas con carácter xeral polo profesorado que se vaia encargar de impartilas.
 4. Co fin de garantir a función formativa que ten a avaliación e o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade, conforme o establecido na normativa vixente, cada departamento de familia profesional incluírá na súa programación a sistemática que se vaia empregar para lle dar a coñecer ao alumnado a información relativa á programación de cada módulo profesional, con especial referencia aos obxectivos, aos criterios de avaliación que serán aplicados para evidenciar a adquisición das competencias establecidas no currículo, así como ao nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar a avaliación positiva.
 5. Cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións.
- A programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e outras circunstancias. O referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente do ciclo.

M) OS CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS

Debido ao carácter voluntario que posúe a participación en calquera tipo de proxecto, plan ou programa, non se teñen en conta criterios á hora de seleccionalos. É o propio profesorado o que escolle a actividade que mellor se axeite ás súas necesidades, previa conformidade do Claustro do profesorado e / ou do Consello escolar, sempre e cando figure nas bases da convocatoria.

N) O PROCEDIMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.

ESO

O artigo 12 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a

avaliación nesa etapa educativa e o artigo 15 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, expoñen no punto 4 que.

4. Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática de programacións que pon á disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e, de ser o caso, para a modificación da concreción curricular. Esta aplicación informática tamén se utilizará para a súa supervisión por parte da Inspección educativa.